



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESO

Secretaría

Declaración de deserto de procedemento de selección para a creación dunha bolsa de emprego de monitores/as deportivos/as do Concello de Ponteceso

ANUNCIO

Con data do 21-03-2025 o alcalde do Concello de Ponteceso ditou a resolución núm. 200/2025 pola que se declarou deserto o proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego de monitores/as deportivos/as, persoal laboral temporal, cuxas bases foron publicadas no BOP núm. 28 do 11-02-2025, cuxo contido literal é o seguinte:

“O 27-12-2024 ditouse a resolución de Alcaldía núm. 1122/2024 que declarou inoperativa a bolsa de MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE CULTURA E DEPORTE, persoal laboral fixo, grupo profesional IV asimilado a subgrupo de funcionarios C2, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 514/2023 do 13-06-2023, actualizada pola núm. 732/2023 do 06-09-2023, constituída por once candidatos, por resultar infrutuosos os chamamentos efectuados para cubrir de forma temporal un posto de monitora de cultura e deportes ao non resultar dispoñible para a contratación ningún dos candidatos da mesma. Na mesma resolución acordouse iniciar os trámites oportunos para a formación dunha nova bolsa que permita as substitucións e os obxectivos da bolsa declarada inoperativa.

O 05-02-2025 pola resolución de Alcaldía núm. 52/2025 aprobouse a convocatoria e as bases do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego de monitores/as deportivos/as, sendo publicadas no BOP núm. 28 do 11-02-2025.

O 18-03-2025 emítese pola Secretaría certificado, segundo o informe asinado pola funcionaria M^a José Sueiro Pose, no que se fai constar que non se presentaron solicitudes de participación a este proceso durante o prazo outorgado, comprendido desde o día 12-02-2025 ao 18-02-2025, ambos inclusive.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO

Primeiro: Declarar deserto o proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego de monitores/as deportivos/as, persoal laboral temporal (Exp. 2025/E001/000001), convocado pola resolución de Alcaldía núm. 52/2025 de data 05-02-2025 (BOP núm. 28 do 11-02-2025).

Segundo: Publicar o anuncio desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web, para os efectos de xeral coñecemento ás persoas interesadas.

Terceiro: Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ponteceso, 25 de marzo de 2025

O alcalde,

José Manuel Mato Martínez

2025/1913